Diario de Pontevedra

5 Septiembre, 2024

PAÍS: España
PÁGINAS: 43
AVE: 514 €
ÁREA: 178 CM² - 18%

FRECUENCIA: Diario
DIFUSIÓN: 3484
OTS: 29000
SECCIÓN: DEPORTES

Juan Saavedra, á procura do dobrete en París 2024

PONTEVEDRA. O tirador pontevedrés Juan Saavedra procura hoxe o seu segundo metal na modalidade de tiro dos Xogos Paralímpicos de París 2024. Saavedra logrou .

Saavedra participará na proba de Rifle 50 metros deitado mixto SH1, a especialidade na que máis cómodo se atopa, na que aspira a pelexar polas medallas.

A calificación comezará ás 9:30 da mañá no campo de tiro de Chateauroux. Saavedra competirá xunto con outros 35 deportistas nesta fase preliminar para obter unha praza das oito que conceden dereito a disparar na final.

A disputa dos metais principiará ás 11:45. Saavedra, que leva unha gran temporada, na que destacou na Copa do Mundo, é un dos candidatos a alzarse cos metais. De facelo, sería a segunda presea que obtería nos xogos.

Con anterioridade alcanzou o bronce en R3 Rifle deitado 10 metros mixto SH1. Saavedra é o tirador español máis laureado da historia, xa que ademais do bronce parisino, obtivo unha prata en Londres 2012 e un bronce en Tokyo 2020, sempre en 50 metros.

Juan Saavedra tras rematar a súa actuación nos 10 metros de París. EFE